

Venres, 18 de xullo de 2014

## O alcalde de Ferrol visita cos responsables veciñais do Ensanche A os traballos de reurbanización da praza Río do Tronco

A reurbanización desta praza forma parte do proxecto de cidade Ferrol 2020 de Jose Manuel Rey e o investimento na mellora deste entorno do Ensanche A ascende a 450.000 euros.



As obras para recuperar como lugar de encontro veciñal unha parcela degradada e de trazado irregular situada na Rúa Río do Tronco no Ensanche A que se viña empregando como aparcadoiro están en plena execución. O alcalde de Ferrol, Jose Manuel Rey Varela, visitou este mediodía os traballos que se están acometendo na Praza Río do Tronco, unha actuación longamente demandada polos veciños da zona que antes de que remate o actual mandato será unha realidade. Esta intervención forma parte do proxecto de cidade Ferrol 2020 de Jose Manuel Rey e, ademais, foi unha petición expresa dos responsables veciñais do Ensanche A que o Goberno Municipal recolleu nas reunións do Plan de Barrios.

Ademais do primeiro edil da cidade, o concelleiro de Urbanismo, Infraestruturas e Contratación do Concello de Ferrol, Guillermo Evia Pérez; e o presidente da Asociación Veciñal Ensanche A, Rafael Leira; tamén comprobaron sobre o terreo os avances nas tarefas de reurbanización deste entorno que dende mediados de xuño realiza a empresa Acciona Infraestruturas S.A. e cuxo prazo de execución é de 7 meses. O investimento nesta mellora da praza Río do Tronco ascende a un total de 454.636,26 euros, o que supón un aforro para as arcas municipais de ao redor de 70.000 euros con respecto ao presuposto base de licitación.

No que atinxe á intervención, Jose Manuel Rey explicou que coa mesma “se conseguen dous obxectivos: por un lado, dotar ao barrio do Ensanche A dunha nova zona de estancia e encontro veciñal mellorando un entorno en que hai dous colexios; e por outro: poñer fin ao desorde circulatorio que se produce neste lugar mellorando as conexións coas rúas adxacentes”. O rexedor ferrolá tamén salientou que as obras están cumprindo os prazos establecidos no plan de execución. Nesta liña, apuntou que os traballos non se interromperán en agosto senón que continuarán adiante co obxectivo de que o vindeiro mes de setembro estea rematada a superficie da praza máis próxima aos centros educativos para que o curso escolar se inicie con normalidade.

### **Satisfacción veciñal**

Pola súa banda, o presidente da Asociación de Veciños do Ensanche A, Rafael Leira, manifestou que “estamos moi satisfeitos porque estas obras na praza Río do Tronco son unha reivindicación histórica dos veciños”, e engadiu que a transformación desta parcela do barrio “é un acerto porque se beneficiarán todos os veciños e especialmente os nenos”. Así mesmo, o responsable veciñal agradeceu a información puntual que sobre a marcha dos traballos facilita o titular de Urbanismo do Concello de Ferrol, afirmando que “as obras van polo bo camiño”.

A reurbanización da praza Río do Tronco é un dos grandes proxectos urbanísticos que ten en marcha o Goberno Municipal de Ferrol. Ademais de recuperar un espazo degradado, a actuación solucionará o desorde circulatorio da zona. Así, o proxecto impulsado pola Concellería de Urbanismo, Infraestruturas e Contratación contempla dotar ao lugar dunha rotonda que mellore as conexións con: Avenida da Paz, Río Xubia, Castelo de Moeche, Río Lambre e Ourense. En canto a actuación na praza propiamente dita, a planta terá forma de peixe; será eminentemente peonil con tres zonas de estancia diferenciadas; contará cunha zona de xogos infantil e se mellorará a conexión entre a praza e o colexio que hai no lugar. O ámbito global das obras que se están executando nestes momentos supera os 3.000 metros cadrados.